

MOCIÓN DE AER SOBRE SELECCIÓN DE PERSOAL

PLENO 29 SETEMBRO 2011. ACTA 17/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Completado o proceso de organización por parte do grupo de goberno e tendo presente a unanimidade expresada por tódolos grupos da Corporación a prol da transparencia e participación, entendemos dende AER que tal feito debe ser algo máis que una simple proclama de intencións e debe plasmarse nuns mecanismos e protocolos que fagan desa transparencia e participación un modelo que nos identifique como Corporación.

É por iso que propoñemos que aquelas competencias do Alcalde (delegadas ou non) que afectan ao funcionamento ordinario do Concello sigan uns procedementos. Ten o Alcalde a capacidade de establecer estes procedementos e demostrar esa aposta pola transparencia e participación, posto que a mesma lexislación que aplica para determinar as delegacións de competencias facúltano para establecer tamén os procedementos e condicións no exercicio de ditas competencias.

Tendo presentada a nosa proposta reiteradamente, procedemos a fraccionala para a súa mellor comprensión e facilitar así a participación e unanimidade no proceso de aprobación.

PROPOÑEMOS:

A) RESPECTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL

1) Persoal funcionario determinado na oferta de emprego público co orzamento e cadro de persoal aprobados polo Pleno.

A aprobación das bases e probas para a selección deste persoal funcionario e laboral fixo serán establecidas por unha Comisión Informativa específica que se reunirá só para esta función. Dita Comisión estará composta por un membro de cada grupo, Interventor e Secretaria. Determinarán igualmente a composición dos membros do tribunal e supervisarán o proceso.

2) Contratacións de carácter temporal impulsadas desde o propio Concello.

a) Sempre se informará a tódolos grupos con carácter previo, ao inicio do procedemento e comunicarse expresamente a convocatoria polos medios dixitais que cada grupo estableza como medio de contacto-recepción dos comunicados.

b) No caso de discrepancia co modelo, bases ou procedemento será obrigatorio, na resolución final, facer mención das alegacións ou discrepancias que calquera dos grupos da Corporación quixera pór de manifesto.

3) Contratacións relacionadas ou procedentes de subvencións, axudas ou acordos con outras administracións ou institucións.

a) Informarase dende o momento da solicitude de dita posibilidade, posteriormente da adxudicación/denegación, e informarase do inicio do proceso de contratación así como da proposta de avaliación, bases de contratación.

b) Faranse constar na resolución as referencias que permitan consultar as condicións das axudas e/ou acordos, así como as discrepancias que calquera grupo da Corporación queira facer constar respecto do proceso ou procedemento.

B) RESPECTO DE COMPLEMENTOS E GRATIFICACIÓNS.

a) Comunicaranse a tódolos grupos xunto coa xustificación para a súa adxudicación. Públicas e xustificadas, tanto as de carácter xeral como as temporais ou excepcionais.

b) Recabarase a participación do funcionariado dos diferentes departamentos e teranse en conta a súas achegas.

C) CON CARÁCTER XERAL

a) Publicitaranse coa maior anticipación posible, dende o mesmo momento en que **se inicie o proceso**, coa maior difusión, non limitándose á web do Concello e ao BOP de Pontevedra, senón que tamén se publicitará na prensa e aproveitaranse os paneis das diferentes instalacións municipais e doutras sociedades.

b) Establecerase unha avaliación do 40 – 60 % para méritos e probas respectivamente. **Dentro dos méritos** serán preferentes os relativos á competencia acreditada por experiencia profesional e/ou titulación académica especificamente relacionada co posto ao que se aspira.

c) No caso en que as condicións de contratación veñan determinadas por unha convocatoria procedente dunha adxudicación doutra administración ou entidade, esas condicións constarán expresamente, e ademais deberá constar a referencia ao documento que permita a súa consulta por calquera persoa.

d) O persoal eventual ou contratado **nunca renovará automaticamente**, sempre mediante nova convocatoria pública transparente e seguindo os procedementos establecidos con carácter xeral.

e) Sempre que sexa posible, farase reserva de prazas para condicións de minusvalía ou discapacidade e adoptaranse as medidas necesarias para facilitar a súa contratación e o desempeño das funcións que correspondan. En todo caso procurarase que no total do persoal do Concello nos adecuemos ao establecido con carácter xeral pola lexislación respecto da integración de persoas con discapacidade ou minusvalía.

f) O 10% dos méritos terá en conta a precariedade familiar e/ou risco de exclusión social.

VOTACIÓN E ACORDO.-

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou aprobar a proposta de crear unha comisión informativa especial integrada polo Alcalde, máis un representante de cada grupo político, o Interventor e maila Secretaria, que estudará todas as bases dos procedementos selectivos e propondrá os tribunais, supervisando, no seu caso, tales procesos.